

**Acta núm. 11/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 21 de xullo de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín
Sandy Marie Cebal Gómez.
María Rosa Romero Fariña.
José Antonio Vidal González.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 21 de xullo de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2026, DO 07/07/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) CAMBIO DE TITULAR DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2026, DO 07/07/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 07.07.2026, acta núm. 10/2026.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CAROLINA ANDREA PARRA OYARZUN, na que comunica que vai executar obras de substitución do alicatado do baño da vivenda 2º A do bloque 11 da Urbanización Balneario do Tremo.

O bloque de vivendas onde se pretenden executar as obras de reparación aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 (UC3), e está dentro do entorno de protección dun ben de interese cultural, integrado no catálogo do PXOM: Igrexa de Nosa Señora de Guadalupe; identificada coa clave: AR2, e en base ao disposto na letra n) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 48,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 113,37 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por TED CHEDA MORÁN, na que comunica que vai instalar unha pérgola metálica, aberta en tres dos seus lados, cunhas dimensións de 4 metros de ancho por 3 metros de fondo, que se situará na fachada traseira da vivenda situada en Sabaxáns nº 68-G, Bastavales.

A parcela (referencia catastral 8017614NH2471N) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A pérgola deberá quedar con tres dos seus lados abertos.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,14 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,71 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de MARÍA CHEDA MARTÍNEZ, na que comunica que vai executar un peche na fronte dunha parcela sita no lugar de Vilas 37, Bastavales.

O peche proxectado axústase ao aliñamento establecido, situándose a 5,50 metros do eixe da pista municipal, e segundo a documentación gráfica que integra o proxecto presentado executarase coas seguintes características:

- Tramo frontal esquerdo: executarase mediante un muro de formigón armado de 0,20 metros de espesor e 1,20 metros de altura sobre a rasante do espazo de cesión, coroado con lamas de aluminio ata acadar unha altura total de 1,80 metros. Neste tramo prevese, ademais, a instalación dun portal de acceso para vehículos e dunha porta peonil.

- Tramo frontal dereito: executarase mediante unha malla metálica apoiada sobre un murete de formigón, cunha altura total de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 6622823NH2462S0001BP) sobre a que se vai actuar está clasificada como solo de núcleo rural /SNR), séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. O muro de formigón que conforma o presente peche deberá de quedar revestido e pintado en tons claros.

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 168,79 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 233,36 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Javier Rivadulla Montaña, que di actuar en representación de LARA PATRICIA ALBERTI PULET, na que comunica que vai executar un peche perimetral polos lindeiros noreste e sureste da parcela sita no lugar de Liñares 67, Brión.

O peche polo lindeiro noreste, parte dun muro de cachotaría existente con fronte ao camiño, situado a 4 metros do seu eixe. Neste lindeiro diferéncianse dous treitos: un primeiro, de 13,82 metros de lonxitude, que se executará integramente dentro da parcela, respectando a liña de deslinde e sen ocupala; e un segundo, de 41,53 metros, que se situará sobre a propia liña de deslinde. Así mesmo, a totalidade do peche previsto no lindeiro sureste, cunha lonxitude de 18,30 metros, executarase igualmente sobre a liña de deslinde. En ambos os casos, o peche, incluída a súa cimentación, ocupará parcialmente distintas parcelas.

O peche adaptarase á pendente natural do terreo, conforme á planimetría incorporada á documentación técnica achegada ao expediente e executarase con unha base de formigón pintado, de 1,00 metro de altura, coroada cunha religa metálica tipo *tramex* ata acadar unha altura total de 1,80 metros sobre a rasante natural do terreo.

Constan incorporados ao expediente os escritos de conformidade dos propietarios das parcelas estremeiras afectadas pola execución do peche sobre a liña de deslinde, nos que manifestan expresamente o seu consentimento para súa implantación. En concreto, figuran os seguintes:

1-. Escrito de data 26.05.2026, asinado por Lidia González Mareque, propietaria da parcela situada no lindeiro noreste (referencia catastral 5852816NH2455S0001FA), na que se comparte a liña de peche.

2-. Escrito de data 26.05.2026, asinado por José María Villar Neo, propietario da parcela situada no lindeiro sureste (referencia catastral 5852817NH2455S0001MA), na que igualmente se comparte a liña de peche.

A parcela (referencia catastral 5852804NH2455S0001WA) sobre a que se pretende actuar está clasificada como solo de núcleo rural /SNR), séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A parte opaca do peche irá pintada en tons claros, e a altura do peche deberá de axustarse á rasante natural do terreo.

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 218,30 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 282,87 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL ROSARIO ABETE REDONDO, na que comunica que vai executar obras de mantemento e conservación sobre a cuberta da vivenda sita en Aguiar nº 1 - Brión, consistentes en retirar a cobertura actual da mesma, constituída por tella cerámica, para proceder á súa substitución por unha nova, incluíndo igualmente a renovación dos canos e baixantes da cuberta, así como o pintado da cheminea existente.

A parcela (referencia catastral 6569305NH2467S0001YE) sobre a que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e sitúase dentro da zona de afección da estrada de titularidade autonómica AC-541.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante o Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (AXI) de data 30.04.2026, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Unha vez rematadas as obras no prazo que se indica o promotor deberá de comunicarllo á AXI.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 94,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 158,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CÉSAR RAMÍREZ GUTIÉRREZ, na que comunica que vai realizar traballos de pintado das fachadas da vivenda unifamiliar sita na Urbanización Hortensia nº 21, Os Ánxeles, mantendo a cor actual (granate).

A edificación onde se vai executar a obra (referencia catastral núm. 65501A8NH2465S0001IG) emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,00 euros.
Total: 36,00 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTÍA MATO BOUZAS, na que comunica que vai executar obras de desprazamento lateral do portal de acceso á vivenda sita no lugar de Mato nº 16 - Luaña, de acordo co plano de emprazamento aportado, e sobre a liña do muro de peche existente.

A parcela (referencia catastral 9545129NH1494S0001JZ) sobre a que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área consolidada pola edificación da zona oeste, sendo de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O portal a desprazar deberá de manterse na mesma liña do peche sobre o que se sitúa.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL GARCÍA MOLEDO, na que comunica que vai executar obras en Estrar 43 – Os Ánxeles. As obras consisten en construír un tramo de peche de parcela en contacto coa vía pública, de aproximadamente 8 metros lineais de muro de pedra, cunha altura de 1,80 metros, afastado a 4 metros do eixe do vial, así como na colocación dun portalón de acceso para vehículos.

As actuacións descritas axústanse á definición do espazo de resío recollida no plano de emprazamento do proxecto de construción da vivenda unifamiliar, que conta coa correspondente licenza urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de maio de 2026.

A parcela (referencia catastral 15013B5051066200001QW), atópase incluída en dúas categorías de solo de núcleo rural. Unha superficie de 1.523,20 m² está clasificada como solo de núcleo rural correspondente ás áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), resultándolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM, mentres que os restantes 464,80 m² clasifícanse como solo de núcleo rural correspondente ás áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), sendo igualmente de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A actuación obxecto da presente comunicación sitúase integramente na parte da parcela clasificada como solo de núcleo rural correspondente ás áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

Así mesmo a parcela atopase dentro da aldea de Estrar, que está incluída no catálogo do PXOM coa clave identificativa AC4 e dentro da zona de policía do rego de Sanín (Codrio 24410016).

A Xunta de Goberno Local, á vista da nova autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia (expte. 322/23) de data 26.11.2025, que autoriza a modificación das obras

solicitadas, mantendo ás condicións da resolución do 10.10.2023; da nova autorización de Augas de Galicia (clave DH.W15.112526) de data 07.04.2026 que modifica as obras autorizadas por Resolución do 05.06.2023 (expte DH.W15.89534), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,25 euros.
- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- . Total: 78,82 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ PÉREZ MÍGUEZ, na que comunica que vai executar obras de encauzamento dunha rega a ceo aberto mediante a instalación dunha tubaxe de 40 mm nun tramo de 64 metros lineais (punto C-D), conforme á documentación técnica asinada en data 23.04.2026 polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Manuel Hermida Vázquez, co obxecto de mellorar as condicións de rega e o aproveitamento agrícola das parcelas nº 410 e 413 da Concentración Parcelaria de Santa María dos Ánxeles (polígono 505), mantendo o trazado preexistente reflectido na planimetría da concentración parcelaria.

As parcelas (410 e 413/polígono 505) obxecto da actuación atópanse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agrícola (RC) e dentro dun ámbito de concentración parcelaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 10.07.2026 e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 5,50 euros.
- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 70,07 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU., na que solicita licenza para instalar unha riostra sobre un tramo da liña aérea de telefonía anexo á estrada AC-543 (p.q.13), nas inmediacións da aldea de Gundín, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se actúa con fronte a un vial de titularidade autonómica está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal.

A actuación proxectada sitúase dentro da zona de servidume da estrada autonómica AC-543 (p.q.13) e dentro da zona de protección da autovía AG-56, así como dentro da zona de policía do río Pego e segundo o disposto no artigo 49.11 da Lei 11/2022, de 28 de xuño, xeral de telecomunicacións, esta obra está exenta das autorizacións sectoriais pertinentes no presente caso xa que non se modifican os elementos de soporte nin se varían os elementos de obra civil e mástil, xa que tan só se instala unha riostra (cable).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Servicios de Asistencia Técnica e Instalaciones S.L., que di actuar en representación de ALEJANDRO PÉREZ MUÑUZURI, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (24 módulos) para autoconsumo na vivenda sita no lugar de Pousada nº 25, Viceso. Segundo a memoria técnica asinada con data 29.05.2026 por Pablo Fernández García, técnico instalador colexiado nº 24-I-BTE-125, os módulos instalaranse de forma coplanar sobre a cuberta da vivenda, resolta a catro augas, mediante a súa montaxe sobre unha estrutura de perfilaría de aluminio disposta no plano da cuberta.

A vivenda (referencia catastral 0757114NH2405N0001TY) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (Ordenanza nº 9 do PXOM), e sitúase na aldea de Pousada, que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: VE3, e con nivel de protección estrutural. En consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 292,93 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 357,50 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Tomás López Jurado, que di actuar en representación de MARÍA JOSEFINA SALGADO VILOUTA, na que comunica que vai instalar

placas fotovoltaicas (20 módulos) para autoconsumo na vivenda sita no lugar de Estrar 43, Os Ánxeles. As placas, consonte coa memoria asinada en data maio 2026 polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Sarmiento Acosta, instalaranse sobre unha soleira próxima á vivenda.

A parcela (referencia catastral 15013B505106620001QW) onde se pretenden executar as obras aséntase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM, e sitúase dentro da aldea de Estrar, que está incluída no catálogo do PXOM coa clave identificativa AC4, e dentro da zona de policía do rego de Sanín (Codrio 24410016) e nivel de protección ambiental. En consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto nos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista autorización de Augas de Galicia (clave DH.W15.117765) de data 02.07.2026, e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-.Cumpriranse ás condicións impostas na autorización de Augas de Galicia (clave DH.W15.117765) de data 02.07.2026.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 248,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 313,17 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ, na que solicita licenza para execución dun peche perimetral en mampostería pétreo, cunha altura máxima de 1,80 m. medidos desde a rasante da beirarrúa existente, e cunha lonxitude aproximada de 45 m. no lugar de Lamiño s/n, Brión.

O peche proxéctase conforme ao plano de emprazamento que consta no expediente, no que se recollen as aliñacións urbanísticas aplicables á parcela, situada no encontro de dous viarios. De acordo con dito plano, o peche sitúase a unha distancia de 7,00 m. do eixe do vial principal (lindeiro oeste) e a 4,00 m. do eixe do vial secundario ou vial interior, respectando as aliñacións establecidas.

A parcela (referencia catastral 6760709NH2466S0001BO), na que se van executar as obras asentase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM e sitúase na aldea de Lamiño que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: BE6 e con nivel de protección estrutural. En consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

O Sr. Concelleiro Vidal González abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá de afastarse como mínimo a 7 metros do vial principal e 4 metros do vial de carácter secundario.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,16 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 144,73 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jose Antonio Hernando Ezquerra, que di actuar en representación de NOVA BRIÓN DESARROLLOS S.L., solicitando licenza para a construción dun edificio de vivenda colectiva para 27 vivendas, 29 garaxes e 27 rochos, na rúa Tarrío 9, segundo proxecto básico asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra en datas 11.06.2026 e 30.06.2026, sen visar.

A parcela onde se vai executar a obra (referencia catastral 6555940NH2465N0001ZU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 4 do PXOM (UNC-1).

O proxecto de compensación foi aprobado con carácter definitivo, en sesión plenaria de data 30 de setembro de 2008, sendo a parcela obxecto deste proxecto a denominada Finca nº13: Residencial 7 cunha superficie neta de 955 m² e unha edificabilidade de 2.150 m².

As obras de urbanización da Área de reparto nº 8 foron recepcionadas pola Xunta de Goberno Local con data 10.05.2011, sendo os espazos de cesión obrigatoria ao Concello xa urbanizados.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (proxecto técnico de infraestrutura común de telecomunicacións, estudo xeotécnico, oficio de dirección da obra, oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde) nun prazo máximo de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

Coa devandita comunicación previa achegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e

desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten de forma significativa as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os recuamentos e a separación a lindeiro, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de incidencia análoga.

-. A obra axustarase estritamente ao "Proxecto básico de edificio de vivenda colectiva para 27 vivendas" asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra en representación de HERNANDO EZQUERRA S.L.P., en datas 11.06.2026 e 30.06.2026, sen visar.

-. A obtención da licenza para a construción do edificio de vivendas, garaxes e rochos, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 59.444,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 6.022,37 euros.

Total: 65.467,17 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Xabier Liñares Túñez, que di actuar en representación de ÁNGELES ROMERO BELLO e JOSÉ MANUEL GARCÍA ESTÉVEZ, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e obras de urbanización simultáneas, na Avda. Noia 60 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado en data 22.06.2026, e o Anexo de obras ordinarias de urbanización de data 20.05.2026, ambos sen visar, asinados pola sociedade SALGADO e LIÑARES arquitectos S.L.P.

A parcela onde se vai executar a obra (referencia catastral 6147318NH2464N0001WD) emprázanse en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde) nun prazo máximo de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

Coa devandita comunicación previa achegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten de forma significativa as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os recuamentos e a separación a lindeiro, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de incidencia análoga.

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico asinado en data 22.06.2026, e ao Anexo de obras ordinarias de urbanización de data 20.05.2026, ambos sen visar, asinados pola sociedade SALGADO e LIÑARES arquitectos S.L.P.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (123 m² asinados en documento administrativo de cesión) e das obras simultáneas de urbanización necesarias para que a

parcela alcance a condición de solar, deberá aportar aval que alcance o coste estimado das obras de urbanización afectas ao terreo, 9.819,39 €, segundo o artigo 28.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. As obras de urbanización axustaranse ao Anexo de obras ordinarias de urbanización, de data 20.05.2026, sen visar, asinado pola sociedade SALGADO e LIÑARES arquitectos S.L.P.

- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 123 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 20.1) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 7 de xullo de 2026.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 4.099,11 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
Total: 4.195,14 euros.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULAR DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALBERTO FERRÓN BLANCO, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para a construción dunha vivenda unifamiliar en Babenzo 61 – Bastavales, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Ignacio Piñeiro de la Torre, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.05.2023, concedida pola Xunta de Goberno Local do 04.07.2023 a nome de ALICIA CASTRO REY, e poñela ao seu nome.

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación achegada e do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04.07.2023, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Babenzo 61, Bastavales, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, quedando como novo titular ALBERTO FERRÓN BLANCO, quen queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados do expediente.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ENRIQUE JIMÉNEZ FERNÁNDEZ, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para a construción dunha vivenda unifamiliar en Xinzo nº 25 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta María Vigo Cascallar, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 16.05.2024 (expte. 2306234), concedida pola Xunta de Goberno Local do 25.06.2024 a nome de ADRIÁN BARREIRO CERQUEIRAS, e poñela ao seu nome.

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación achegada e do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.06.2024, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Xinzo nº 25, Bastavales, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, quedando como novo titular ENRIQUE JIMÉNEZ FERNÁNDEZ, quen queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados do expediente.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO.- PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANTÍA MATO BOUZAS, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de substitución da cobertura dun alpendre sito na aldea de Mato.

Antecedentes:

Con data 15.07.2025 a Xunta de Goberno Local autorizou á interesada mediante o trámite de comunicación previa a executar obras de substitución da cobertura existente de fibrocemento

dun alpendre sito na aldea de Mato por outra de fibrocemento sen amianto e tella cerámica curva por enriba.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de seis meses para o remate das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González